

boletín do cesg

Colexio de
Educadores Sociais
de Galicia

Nº29 FEBREIRO 2006



Colexio de Educadores Sociais de Galicia

Rúa Gómez Ulla, 7-3º
15702 Santiago de Compostela
cesg@colexioeducadores.com

CONCLUSIÓNS DO ESPAZO DE ENCONTRO: ADICCIÓNS.

Facultade de Cc. da Educación da Universidade de A Coruña. 15 e 22 de outubro de 2005

Comezamos os encontros coa presenza de Amando Vega co que, arredor do debate sobre a legalización do cannabis, se introduciu o concepto de "NORMALIZACION" que pode ser un enfoque que pode permitir reorganizar o discurso e as actuacións nas que ata o momento se están a levar en diversos ámbitos: xudicial, sanitario, ... e tamén dende o educativo.

Agradecemos a presenza do Dr. Víctor Pedreira, a persoa que, como el mesmo sinalou, recibiu o encargo de conducir o Plan de Galicia sobre Drogas, serviunos para coñecer cales son os seus plantexamentos iniciais. A súa presenza amosa o interese por escoitar o que os educadores e educadoras poidamos aportar. Gustaríanos que, así como se fixo respecto da rede asistencial, se manifeste dende o Plan o compromiso de manter, nós incluso apostamos por ampliar e mellorar os esforzos que se están a levar a cabo nos ámbitos de prevención e inclusión social. Compartimos con el a importancia de promover estilos de vida máis saudables coma xeito eficaz de previr a alta incidencia de diversos problemas de saúde mental, coma é o caso das adicións, e tamén coma ferramenta para paliar os seus efectos unha vez este tipo de problemas teñen aparecido.

Carles Sedó, fíxonos reflexionar que máis aló dos discursos ao uso no ámbito, aínda moi centrados nas sustancias: *son as persoas as que deben ser o centro da nosa atención e de calquera plantexamento*. Tamén propuxo reflexións sobre outras ameazas coma a excesiva importancia da estética, novos medios coma o *messenger*,... Así coma o desenvolvemento do sentido crítico como obxectivo de calquera intervención orientada á prevención ou á promoción de estilos de vida máis saudables e solidarios.

Con dúas mesas redondas que baixo o título "Experiencias singulares" queríamos reivindicar un amplo abano (aínda que sabemos doutras moitas cousas que se están a facer) de experiencias de traballo tanto en prevención como a nivel asistencial que se están a levar a cabo na nosa comunidade. Consideramos que moitas destas experiencias poderíanse ampliar a outros lugares da Comunidade onde concorren situacións similares (educadores en UADs, programas específicos de menores, o emprego de novas tecnoloxías para chegar aos mozos, creación de alternativas de ocio,...)

Por último e reunidos os participantes aportáronse diversas suxestións:

- a. **É necesario que as institucións e público en xeral, coñezan o que fan os educadores e as educadoras sociais.** Este é un dos cometidos que ten o Colexio de Educadores Sociais de Galicia. Entre outras atopámonos coas dificultades de que ata agora, os cometidos dos educadores e educadoras estaban sendo realizados por profesionais doutros perfís ou por persoas sen apenas cualificación. Por outra banda, a presenza en múltiples ámbitos, así como a multiplicidade de funcións incluso dentro de cada ámbito, fan difícil debuxar un perfil intelixible e comunicable.
- b. **É preciso un compromiso por parte da administración cara á universalización dos servizos sociais.** Deste xeito, a utilización nos servizos sociais non vai ser un motivo de estigmatización.
- c. **É importantísimo multiplicar os esforzos en prevención e en asistencia nos momentos nos que se inician os problemas.** Entre outros aspectos a eficacia destes esforzos pasa pola coordinación entre Escola, Servizos Asistenciais, Servizos Sociais,...
- d. Fanse moitos esforzos que se sabe que non teñen eficacia, cando menos illadamente. Sería interesante **racionalizar os esforzos seguindo criterios técnicos** e non unicamente buscando rendibilidades políticas.
- e. Consideramos que é importante que se **creen equipos interdisciplinarios estables**, onde tamén teñen o seu lugar os educadores e educadoras sociais, que coñezan o territorio no que están a traballar, que fagan que as iniciativas teñan un seguimento real, que permitan que os usuarios se vencellen aos proxectos,...
- f. **Botamos en falta a existencia de alternativas reais para a xuventude no tocante ao ocio e o tempo libre.**
- g. Tamén consideramos que se debe prestar especial atención a desenvolver **iniciativas adaptadas ao ámbito rural.**
- h. É fundamental **dinamizar o tecido social e asociativo, dar soporte ás iniciativas comunitarias** e non só cando se trata de sinalar problemas, senón para formar parte da solución e visualización de avances, melloras e innovacións.
- i. Sinalamos que, neste sentido, o Plan de Galicia sobre Drogas apoiou a creación de diversos **Plans Comunitarios** e deulles soporte. **Quizais sexa unha fórmula que é preciso revitalizar.**
- j. Tamén é importante potenciar **iniciativas dirixidas ás familias: propostas de lecer para toda a familia, programas de prevención, etc.**
- k. Creemos que é importante promover a **realización dun foro ético-crítico de carácter multidisciplinar sobre estes temas.**

ACTUACIÓNS REALIZADAS

<ul style="list-style-type: none">✓ Audiencia con M^a do Carme Adán Villamarín -Secretaria Xeral de Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e do benestar da Xunta de Galicia- co obxecto de negociar unha nova redacción da Orde pola que se convocan e aproban as bases polas que se regula a concesión de axudas para levar a cabo programas de educación familiar que desenvolverán as corporacións locais.✓ Xestións, organización e difusión das <i>II Xornadas sobre Xerontoloxía e Educación Social</i>, previstas para o día 3 de marzo na cidade de Vigo.✓ Xestións e organización de dúas convocatorias do curso <i>O ditame pericial como medio de proba, a súa regulación legal</i> previstas para os días 3 e 4 de marzo na sede do CESHG. Elaboración dunha lista de espera para levar a cabo unha terceira convocatoria no segundo trimestre do ano.✓ Tramitación e envío de solicitudes de habilitación a COPESA (Colegio Profesional de Educadores Sociais de Andalucía)✓ Tramitación e envío de solicitudes de traslado de expediente a outros colexios de educadores e educadoras sociais do resto do Estado.	<ul style="list-style-type: none">✓ Recurso de reposición ao concello de Carballiño, contra as bases para a contratación dun/dunha diplomado/a en educación social para o programa de educación familiar, publicadas no xornal <i>La Región</i> de 28 de xaneiro.✓ Recurso de reposición ao concello de Ourense contra as bases específicas para o proceso selectivo de animador sociocultural, publicadas no BOP de Ourense nº 29, de 4 de febreiro.✓ Recurso de reposición ao concello de Ourense, contra as bases específicas para o proceso selectivo de educador de familia, publicadas no BOP de Ourense nº 29 de 4 de febreiro.✓ Recurso de reposición ao concello de Poio (Pontevedra) contra as bases de selección para a contratación dun mestre de alfabetización de adultos, publicadas no xornal <i>Diario de Pontevedra</i> de 11 de febreiro.✓ Acordo por parte da Xunta de Goberno do CESHG de interpoñer recurso contencioso administrativo relativo ás bases para contratación temporal dun/dunha Animador/a Sociocultural para substituír a unha das Animadoras Socioculturais do Concello de Lugo, publicadas no taboleiro de anuncios do concello de Lugo con data 3 de novembro de 2005.
---	--

NOVAS PUBLICACIÓNS DISPONÍBLES NA BIBLIOTECA DO CESHG

- PÉREZ-DÍAZ, V. e LÓPEZ NOVO, J.P. (2005): *El Tercer Sector, presente y promesa. Un análisis de su problemática general y de su realidad en Galicia*.
- "Boletín Xove de Información e Emprego Xuvenil". Nº 141. Febreiro 2005. Xunta de Galicia.
- *XVII Congreso da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría: da prevención á velez saudable*. Resume de comunicacións.
- *Estudo prospectivo sobre os recursos e necesidades existentes en Santiago no ámbito da atención ás persoas maiores e/ou dependentes*. Observatorio Local de Economía e Emprego. Concello de Santiago.
- Revista "Cuadernos de pedagogía", dende nº 215 ata nº 285. Agradecemos dende o CESHG esta doazón realizada por Marta Loreto Fachal Mata.
- "Boletín Aldizkaria" Nº 125. Xaneiro 2005. Centro de Documentación de Drogodependencias.
- "Cadernos de Psicoloxía". Nº 2. Monográfico *Deporte e actividade física*.
- Revista "Perfiles. Revista general de política social" Nº 217. Febreiro 2006. ONCE.
- "Boletín Informativo CEOMA". Nº 12. Xaneiro-Marzo 2006. Confederación Española de Organizacións de Maiores.
- "Educación Social. Revista de Intervención Socioeducativa". Nº 32. Enero-Abril 2006. Monográfico *Enseñanza obligatoria y educación social*. E.U. Pere Tarrés.
- *La discriminación sanitaria de las personas mayores*. Relatorio presentado por Ángel Oso Cantero no VII Congreso Nacional de Organizacións de Maiores (outubro de 2005). CEOMA (Confederación Española de Organizacións de Maiores).
- Periódico "EM. Entre Mayores. Hablamos de ti". Año 5. Nº 52. Decembro de 2005.
- Periódico "EM. Entre Mayores. Hablamos de ti". Año 6. Nº 53. Xaneiro de 2006.
- Periódico "EM. Entre Mayores. Hablamos de ti". Año 6. Nº 53. Febreiro de 2006.



ARTIGO DE INTERESE

Reforma da lei do menor

No mes de xaneiro, o Consello de Ministros aprobou o Proxecto de Lei Orgánica polo que se modifica a Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (Boletín Oficial das Cortes Xerais nº 76-1 de 27 de xaneiro de 2006).

Dende o CESHG amosáramos ao Ministerio de Xustiza, en diversas ocasións, o noso interese en facer aportacións a dita reforma. A pesar diso, o texto do anteproxecto foi recibido no noso colexio con tan só uns días de antelación á data de finalización do prazo de consultas, e tras insistir en que nos fose remitido.

Unha vez recibido o texto, anunciámolo na nosa web para que todos/as os/as colexiados/as puidesen facer as súas aportacións.

Estudado o Anteproxecto puidemos ver que a modificación da lei fundamentalmente reforza o seu carácter penal. É dicir, recupera o sentido de castigo, fronte ao da reinserción e a responsabilización dos menores dos seus actos.

En colaboración con todos os colexios profesionais de educadores e educadoras sociais do resto do estado, elaborouse un escrito de posicionamento no que aportamos as nosas valoracións sobre o anteproxecto e sobre a propia lei 5/2000, de responsabilidade penal dos menores.

Dende o CESHG seguiremos reivindicando que as reformas ou novas normativas que teñan de facerse neste ou noutros ámbitos deben contar coas organizacións representativas dos profesionais implicados, por coñecer ben os problemas que se plantexan. No que se refire a este tema, dende todos os colexios de educadores/as sociais do estado estudaranse novas actuacións.

O texto do proxecto de reforma da lei pode ser consultado na páxina do ministerio de Xustiza www.justicia.es.

FORMACIÓN CONTINUA

CONGRESO DE SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS

Organiza: Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)
Lugar: Palacio de Congresos de A Coruña.
Datas: 3, 4 e 5 de maio.
Información: Federación Española de Municipios e Provincias.
Departamento de Servizos Sociais
Tel.: 91 364 37 00
Fax: 91 365 54 82

CURSO DE EDUCACIÓN FAMILIAR (A distancia)

Organiza: Formad-hoc.
Información: Formad-hoc.
Cristo, 26, 3º J
36205 Vigo
Tel.: 986 265148
info@formadhoc.com
www.formadhoc.com

SEMINARIO INTERNACIONAL:

NOVA ESCOLARIZACIÓN E PRÁCTICA CIDADÁ

Organiza: Universidade de Granada.
Contido: A finalidade deste seminario é reflexionar sobre novos perfís profesionais do profesorado nas escolas primarias e secundarias. A lingua oficial é o inglés, pero é posible comunicarse noutras linguas europeas como castelán e portugués; sobre todo, no apartado de comunicacións ou outro tipo de traballos relacionados coa temática do seminario.
Lugar: Granada.
Datas: do 28 ao 31 de marzo.
Información: Universidade de Granada
Departamento de didáctica e organización escolar
Javier Calvo de Mora (coordinador)
Tel.: 958243740
Fax: 958248965
jcalvode@ugr.es

DINÁMICAS DE ANIMACIÓN ESTIMULATIVA (A distancia)

Organiza: E.U. Pere Tarrés.
Datas: 3, 4 e 5 de maio.
Información: E.U. Pere Tarrés.
http://www.peretarres.org/eutses/modulos/programacion.asp
Tel. 93 415 25 51
Fax. 93 218 65 90
secretaria.eutses@peretarres.org

FORMACIÓN CON DESCONTOS PARA COLEXIADOS/AS

CURSOS DE I.S. INTERVENCIÓN SOCIAL

- 1) **CURSO BÁSICO DE INTERV. SOCIOLABORAL** (100 h.) (A distancia)
Especialidades: INMIGRANTES, MULLERES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE. (30 h. c/u)

Prezos das especialidades:	1 especialid.	3 especialid.	Aplicaráselle un desconto do 10% aos/as colexiados/as do CESG.
Soporte papel	90 €	200 €	
Soporte CD-ROM	70 €	150 €	
Soporte Web	50 €	100 €	

- 2) **CURSO DE INTERVENCIÓN CON MAIORES** (125 h.) (A distancia)
3) **CURSO DE INTERVENCIÓN CON MENORES** (125 h.) (A distancia)
4) **CURSO DE ADOPCIÓNS E ACOLEMENTOS** (125 h.) (A distancia)
5) **CURSO DE VIOLENCIA SOBRE AS MULLERES: ASPECTOS PSICOSOCIAIS E XURÍDICOS** (100 h.) (A distancia)

Organiza: I.S. Intervención Social

Prezo:	Curso nº 1 (sen esp.)	Cursos nº 2, 3 e 4	Curso nº 5
Soporte papel	180 €	240 € c/u	200 €
Soporte CD-ROM	160 €	220 € c/u	180 €
Soporte Web	140 €	200 € c/u	150 €

Aplicaráselle un **desconto do 10%** aos/as colexiados/as do CESG.

Información: I.S. Intervención Social
C/ Peñalara, 15, baixo esq. 41005 Sevilla.
Tel.: 954 933807
Fax: 954 933808
formacion@intervencionsocial.com
www.intervencionsocial.com

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello de Vedra (A Coruña): Aprobación das bases xerais e das bases específicas que rexerán a convocatoria de probas selectivas para a provisión de prazas incluídas na oferta de emprego público do concello para 2005. Unha praza de Técnico/a de emprego e servizos (BOP de A Coruña de 21 de febreiro)
Museo de Pontevedra: Resolución pola que se anuncia a oferta de emprego público para o ano 2006. Unha praza de Axudante Técnico de Educación e Acción Cultural (BOP de Pontevedra do 9 de febreiro)
Concello de Ribadeo (Lugo): Resolución pola que se anuncia a oferta de emprego público para o ano 2005. Unha praza de Educador Familiar (DOG de 4 de febreiro)

OUTROS


Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde do 2 de febreiro pola que se establecen subvencións para o desenvolvemento de programas de incorporación sociolaboral destinadas a persoas en situación de risco de exclusión social e se procede á súa convocatoria. (DOG de 10 de febreiro)

OUTRAS CONVOCATORIAS

AXUDAS A PROXECTOS DIRIXIDOS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE PSÍQUICA OU MENTAL

Convoca: Fundación La Caixa.
Obxecto: Axudas para entidades que traballen con persoas con discapacidade psíquicas ou mentais, para proxectos de: centros de día, pisos tutelados, centros ocupacionais, formación persoal e social, ou outros proxectos, en concepto de infraestructura e mellora de instalacións e equipamentos, material, profesional técnico, formación de profesionais, actividades educativas e outros gastos similares que se consideren necesarios.
Contía: máximo do 75% do custe total do proxecto sen superar os 60.000 €.
Prazo: 15 de marzo de 2006.
Información: Fundación La Caixa.
www.lacaixa.es

Subvenciona:



Coa colaboración de:

